

Artigo 5. Período impositivo e devengo.

1.-O período impositivo coincide co ano natural, salvo no caso da primeira adquisición do vehículo. Neste caso o período impositivo comezará o día no que se produza a dita adquisición.

2.-O imposto devéngase o primeiro día do período impositivo.

3.-O importe da cota do imposto prorrataeñase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa do vehículo. Tamén se procederá ó prorratoeñ da cota nos mesmos termos nos supostos de baixa temporal por sustracción ou roubo do vehículo, e contaráse dende que se produza dita baixa temporal no rexistro público correspondente.

Artigo 6.- Réxime de declaración e de ingreso.

A xestión, liquidación inspección e recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria corresponde ó Concello do domicilio que conste o permiso de circulación do vehículo.

Quen solicite ante a Xefatura Provincial de Tráfico a matriculación, a certificación de aptitude para circular ou a baixa definitiva dun vehículo, deberá acreditar, previamente, o pago do imposto.

Á mesma obriga están suxeitos os titulares dos vehículos cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma dos mesmos, sempre que altere a súa clasificación a efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia e de cambio de domicilio que consten no permiso de circulación do vehículo.

Artigo 8.- Pagamento

1. Cando se trate de vehículos de alta por primeira vez por seren de nova matriculación o imposto ingresarase polo sistema de autoliquidación. Esta formularase en impreso regulamentario, que facilita o Servizo Provincial de Recadación da Deputación Provincial de Lugo, con carácter previo á inscrición do vehículo no Rexistro da Xefatura Provincial de Tráfico.

2. No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, o pagamento do imposto farase polo sistema de padrón anual, no que constarán todos os vehículos suxeitos ó imposto.

Disposición final.

Para o non previsto nesta ordenanza estarase ó disposto nos artigos 92 a 99 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Disposición derogatoria.

Queda derogada a ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica aprobada polo Pleno do Concello en sesión do 14 de setembro de 2001.

Disposición derradeira.

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comenzará a aplicarse con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2017 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación”.

A Pobra de San Xiao (Láncara), 21 de decembro de 2016.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 3892

Anuncio**INFORMACIÓN PÚBLICA**

O Pleno do Concello de Láncara en sesión extraordinaria realizada o 2/11/2016 acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal n.º 5 reguladora da taxa pola distribución de auga, incluídos os dereitos de entronque de liñas, colocación e utilización de contadores, do Concello de Láncara. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo de 05/11/2016 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algúnhia, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

“ORDENANZA FISCAL N.º 5 REGULADORA DA TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AGUA, INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENTRONQUE DE LÍÑAS, COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES, DO CONCELLO DE LÁNCARA.

Artigo 1.-Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladoras das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por distribución de auga, incluídos os dereitos de entronque de

liñas, colocación e utilización de contadores, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas no previsto no artigo 57 da citada Lei 2/2004.

Artigo 2.-Feitos imponible

Está constituído pola actividade municipal desenvolvida con motivo da distribución de auga potable a domicilio, o entronque de liñas á rede xeral e a colocación e utilización de contadores.

Artigo 3.-Obriga de contribuir

Recaerá sobre o solicitante dos servizos ou sobre o suxeito pasivo obrigado á súa aceptación, titular do inmoble ou usuario del, ou os seus representantes legais.

A obriga de contribuir nacerá no momento de presentarse o servizo previa a correspondente solicitud ou dende que se utilice éste sen obter a preceptiva autorización, debendo depositarse previamente o pago correspondente ó entronque e contadores.

Artigo 4.-Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas polos servizos a que se refire esta Ordenanza.

Terán a consideración de substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais ós que se provean do servizo, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios ou usuarios do servizo.

Artigo 5.-Base imponible e liquidable

A base do presente tributo estará constituída por:

No suministro ou distribución de augas os metros cúbicos de auga consumidos no inmoble onde estea instalado o servizo.

Nas acometidas á rede xeral :O feito da conexión á rede por casa local comercial, vivenda individual

Na colocación e utilización de contadores; a clase de contador individual ou colectivo.

Artigo 6.-Cotas tributarias:

Tarifa A) por consumo xeral:

a) Aboados do servizo que son aboados do servizo da rede de sumidoiros:

Uso doméstico

- Vivendas, mínimo trimestral ata 30 m³:12,29 euros.
- De 30 m³ en adiante: 0,572143 euros/ m³

Uso industrial:

- Mínimo trimestral 45 m³ :25,42 euros
- De 45 m³ en adiante: 0,736452 euros/ m³

b)Aboados do servizo que non son aboados do servizo da rede de sumidoiros:

- Mínimo trimestral ata 30 m³ : 11,98 euros.
- De 30 m³ en adiante: 0,572143 euros/ m³

Tarifa B) por acometidas:

Os dereitos de acometida a satisfacer por unha soa vez e no momento de efectuar a petición, serán de 90,15 euros por cada vivenda e local comercial.

Tarifa C) por consumo en Vilaesteva, Oleiros:

- Mínimo trimestral 30 m³: 12,19 euros
- De 30 m³ ata 60 m³ : 0,30868 euros/ m³
- De 60 m³ en adiante: 0,370418 euros /m³

Tarifa D) por aluguer de contadores: 3 €/trimestre

Artigo 7.-Exencións, reducións e demáis beneficios legalmente aplicables.

De conformidade co disposto no artigo 9 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais non se recoñece beneficio tributario algún agás

os que sexan consecuencia do establecido nos tratados ou Acordos Internacionais, ou os expresamente previstos en normas con rango de Lei.

Normas de xestión

Artigo 8.-

1. As comunidades de veciños,virán obrigadas a establecer un contador xeral para a comunidade a excepción dos locais comerciais,sen prexuízo de que cada usuario, teña un contador individual.Os locais comerciais, así como as industrias, están obrigados a poñer contador individual, con toma anterior ó contador xeral da comunidade. En todo caso, no prazo de tres meses, contados a partir da entrada en vigor da presente Ordenanza, todos os donos de comercio ou industrias, deberán ter cumplido o establecido no parágrafo anterior.

2. A acometida de auga á rede xeral, será solicitada individualmente, por cada vivenda, polo que será obligatoria a instalación dun contador por vivenda unifamiliar. A ditas solicitude será presentada no Concello.

3. Os solicitantes de acometida de entronque, farán constar o fin a que destinan a auga, advertíndose que calquera infracción ou aplicación diferente de aquela para a que se solicita será castigada cunha multa na cantidade que acorde o Concello sen prexuízo de retirarlle o subministro de auga.

4. Cando o solicitante de acometida de auga a efectuase, en data posterior á que deberá facelo, satisfará comodereito de entronque, o 200 por 100 do importe que lle corresponderá aboar por casa entronque.

Artigo 9.-

A solicitude de prestación do servizo de auga, calquera que sexa o uso ó que se destine, farase mediante a oportuna petición de alta e subscrición a póliça de abono, na que o interesado declarará nome, apelidos, razón social, domicilio, NIF ou CIF, fin e uso ó que se destinará a auga, establecemento ou predio, e demais datos complementarios para o perfecto coñecemento e determinación do servizo que se pretende e a concesión e instalación del. Presentarase coa documentación complementaria e será cursada á oficina do servizo.

As peticóns levarán implícito o compromiso do concesionario de cumplir as disposicións consignadas na presente ordenanza.

O contrato da subministración terá unha duración indefinida ata que sexa formulada a baixa correspondente no servizo de augas, excepto a subministración para obras que terá unha duración polo período da licenza de obras correspondente.

Os peticionarios do servizo de abastecemento de auga, han de presentar:

- Documento que autorice o uso ou ocupación do inmoble.
- Licenza de edificación e para os usos previstos na dita licenza. No caso de edificación sen licenza de obras, o usen axustarse a ela, se transcorrese o prazo de prescripción para axustarse á legalidade urbanística, notificación da resolución municipal que declara a prescripción das infraccións urbanísticas cometidas.
- Para os locais nos que se realicen actividades económicas, será preceptivo presentar a declaración censual do Imposto sobre actividades económicas ou, noutro caso, declaración xurada na que se manifeste a actividade desenvolvida.

Artigo 10

O aboadío continuará posuindo a condición de suxeito pasivo (contribuínte) da taxa pola subministración de auga potable mentres non presente a baixa correspondente na administración do servizo e polo tanto, non se cortase a auga áinda que, por calquera circunstancia, deixe de utilizar o servizo.

Non obstante, cando o abonado teña a condición de arrendatario ou titular de calquera outro dereito de uso, o propietario ou o usufrutuario das vivendas ou locais arrendados ou cedidos poderán acudir ó Concello e formalizar a baixa no servizo municipal de subministración de auga potable cando teña coñecemento de que o arrendatario ou usuario non cumpliu co preceptuado no parágrafo anterior.

O propietario ou o usufrutuario, segundo os casos, na súa condición de substituto do contribuínte, estará obrigado ó pagamento das cantidades facturadas á vivenda ou local por consumos realizados unha vez abonados os inmobles polos arrendatario ou os titulares de dereitos de uso, para o que terá que comunicarollo ó servizo de augas calquera cambio de arrendamento ou de actividade.

Artigo 11

Ningún aboadío pode dispoñer de auga máis que para aquilo que lle foi concedida, agás causa de incendio con obriga de poñelo en coñecemento do concello ou servizo de augas dentro das vinte e catro horas seguintes do sinistro, quedando terminantemente prohibido, a cesión gratuita ou a revenda de auga.

Artigo 12

Os gastos que ocasione a renovación de tuberías, reparación de minas, pozos, mananciais, consumo de forma, etc, serán cubertos polos interesados.

Artigo 13

Todas as obras para conducir a auga, de rede xeral á toma do aboado, serán de conta deste, non obstante, realizarase baixo a dirección municipal e na forma que o Concello indique.

Artigo 14

O Concello por providencia do señor alcalde, pode sen outro trámite cortar o subministro de auga a un aboado, cando negue a entrada ó domicilio para o exame das instalacións, cando ceda a título gratuito e onerosamente a auga a outra persoa, cando non pague puntualmente as cotas de consumo, cando existe rotura de precintos, selos ou outra marca de seguridade posta polo Concello así como "limitadores de subministro dun tanto alzado". Todas as concesións responden a unha póliza ou contrato subscrito polo particular e o Concello que se fará por duplicado exemplar.

Artigo 15.

O corte da acometida por falta de pago, levará consigo ó rehabilitarse o pago dos dereitos de nova acometida.

Artigo 16

O devengo da taxa por consumo de auga terá carácter trimestral e estarán obrigados ó seu pago todos os suxeitos pasivos que figuren como titulares ó comezo de cada período facturado. No caso de alta, baixa ou cambio de titularidade, as cotas trimestrais resultantes ratearanse por días naturais e devengarase ó producirse a lectura do contador.

O devengo polo resto das actuacións prodúcese no momento de aprobase as correspondentes liquidacións individuais.

As cotas periódicas resultantes da aplicación da taxa polo consumo de auga serán obxecto de liquidación nun documento cobradorio único, xunto coas taxas periódicas polos servizos da rede de sumidoiros e de recollida domiciliaria de lixo.

As cotas convxuntas de auga, recollida de lixo e rede de sumidoiros, que non se fixesen efectivas en período voluntario, pasaránse ó cobro en vía de constrinximento. Pola mesma vía, como garantía e defensa do servizo público, senón se puidera efectuar a notificación persoal, por resultar descoñecido o domicilio do debedor, procederase ó corte do servizo de abastecemento de auga.

As cotas lexitimamente impostas en virtude desta ordenanza que non se puidesen facer efectivas en período voluntario ou ós dous meses de iniciarse o procedemento executivo darán lugar á suspensión e corte do servizo de auga, con baixa do interesado como abonado, quedando este inhabilitado para renovar a concesión ata tanto non pague a súa débeda tributaria.

Artigo 17

No caso de que por escaseza de caudal, augas sucias, sequías, xeadas, reparacións, etc., o Concello tivera que suspender total ou parcialmente o subministro, os aboados non terán dereito a reclamación algúnhia, nin indemnización por danos, prexuízos ou calesquera outros conceptos, entendéndose neste sentido que a concesión se fai a título precario.

Artigo 18

Para o debido coñecemento e control dos consumos que realicen os usuarios, instalaranse contadores debidamente homologados dos que se farán lecturas periódicas e, en todo caso, polo menos cada tres meses ó efectos de cobramento.

O concello resérvase o dereito de comprobar cando o considere oportuno todo aparello-contador do que se estime que o seu funcionamento é dubioso.

Cando ó concesionario se lle notifique que o contador da súa propiedade se atopa en malas condicións de funcionamento, disporá dun espazo de tempo de quince días hábiles para a súa reparación, ou a substitución por outro debidamente verificado.

No caso de paralización dun contador ou desarranxo ou avaría tal que as súas indicacións non poidan servir de base para unha medición, liquidarase o consumo conforme a igual período do ano anterior. Se non existise este dato tomarase o do trimestre anterior.

Artigo 19

1. Serán responsables solidariamente das obrigas tributarias establecidas nesta Ordenanza toda persoa causante ou colaboradora na realización dunha infracción tributaria. Nos supostos de declaración consolidada,

todas as sociedades integrantes do grupo serán responsables solidarios das infracciones cometidas neste réxime de tributación.

2.Os copartícipes ou cotitulares das herencias xacentes, comunidades de bens e demás entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición e responderán solidariamente e en proporción as súas respectivas participación das obrigas tributarias de ditas entidades.

3. Serán responsables subsidiarios das infracciones simples e da totalidade da débeda tributaria en caso de infracciones graves cometidas polas persoas xurídicas, os administradores de aqueles que non realicen os actos necesarios da súa incumbencia, para o cumprimento das obrigas tributarias infrinxidas, consentirán no incumprimento por quienes dependan de eles ou adopten acordos que fixeran posible as infracciones. Asimismo, tales administradores responderán subsidiariamente das obrigas tributarias que estean pendentes de cumplimentar polas persoas xurídicas que cesaran nas súas actividades.

4 Serán responsables subsidiarios os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, cando por neglixencia ou mala fe non realicen as xestións necesarias para o total cumprimento das obrigas tributarias devengadas con anterioridade a ditas situación e que sexan imputables ós respectivos suxeitos pasivos.

Artigo 20.-Infracciones e sancions tributarias

En todo o relativo á cualificación de infracciones tributarias e sancions, ademáis do previsto nesta Ordenanza, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral Tributaria e demás normativa aplicable.

Disposición Final

Unha vez se efectúe a publicación do texto íntegro da presente ordenanza no Boletín Oficial da Provincia entrará en vigor, con efectos do 1 de xaneiro de 2017, continuando a súa vixencia hasta que se acorde a súa modificación ou derogación”.

A Pobra de San Xiao (Láncara), 21 de decembro de 2016.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López

R. 3893

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

O Pleno do Concello de Láncara en sesión extraordinaria realizada o 2/11/2016 acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal nº 6 reguladora da taxa pola prestación do servizo da rede de sumidoiros. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo de 05/11/2016 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algúnhia, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

“ORDENANZA FISCAL Nº 6 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA REDE DE SUMIDOIROS DO CONCELLO E LÁNCARA

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, 30.4 e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este concello establece as Taxas polo servizo de rede de sumidoiros.

Artigo 2º.- Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa:

A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida na rede de sumidoiro municipal.

A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiro municipal.

Artigo 3º.- Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que sexan:

Cando se trate da concesión da licenza de acometida á rede, o propietario, usufructuario ou titular do dominio útil do predio.

No caso de prestación dos servizos do número 1.b do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios dos predios do termo municipal beneficiarios dos ditos servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso en precario.

En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais ou propietario destes inmobles, quen poderán repercutir, de no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

Artigo 4º.- Cota tributaria

A cota tributaria corresponde á concesión da licenza ou autorización da acometida na rede de sumidoiros esixirse por unha sola vez e consistirá na cantidade fixa de 50 euros.

A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos de depuración, determinaranse en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, liquidada nos recibos da taxa pola prestación dos servizos de subministración de auga potable, aplicándolle ó consumo alí referido a tarifa 2) establecida neste artigo.

A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos da rede de sumidoiros determinante en función dos custos do servizo mediante a aplicación dunha tarifa anual.

A tal efecto aplicaranse as seguintes tarifas:

Tarifa 1.- Rede de sumidoiros	Cota
Vivendas	6,4 euros /trimestre
Usos distintos dos de vivenda	12,4 euros /trimestre
Tarifa 2.- Depuración	Cota
Vivendas	0,214433 euros/m ³
Usos distintos dos de vivenda	0,275811 euros/m ³

No caso de altas a taxa prorrataarse por trimestres naturais, igual criterio se seguirá no importe de baixas no servizo.

Sempre que ó inmoble se lle preste o servizo de subministración municipal de auga, as altas e baixas nel suporán tamén automaticamente as do servizo de rede de sumidoiros.

Artigo 5º.- Exencións e bonificacións

Non se concederá exención nin bonificación alguna na exacción da presente taxa.

Artigo 6º.- Devengo

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitue o seu feito imponible, entendéndose iniciada a mesma:

a) Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

b) Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiro municipal. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se obtivera ou non a licenza de acometida sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruirse para a súa autorización.

2. Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais teñen carácter obligatorio para tódolos predios do municipio que teñan fachada ás rúas, prazas ou vías públicas na que exista rede de sumidoiro, sempre que a distancia entre a rede e o predio non exceda de cen metros, e devengaranse a taxa áinda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.

Artigo 7.- Declaración, liquidación e ingreso

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaración de alta e baixa no censo de suxeitos pasivos da taxa, no prazo que hai entre a data en que se produza a variación na titularidade do predio e o derradeiro día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracóns surtirán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez rematado o prazo de presentación das ditas declaración de alta e baixa.

A inclusión inicial no censo farase de oficio unha vez concedida a licenza de acometida na rede.

2. As cotas esixibles pola taxa liquidaranse e recaudaranse polos mesmos períodos e nos mesmos prazos que os recibos de subministración e consumo de auga.

3. No suposto da licenza de acometidas, o contribuínte formalizará a oportuna solicitude e os servizos tributarios deste Concello, unha vez concedida aquela, practicarán a liquidación que proceda que será notificada para o ingreso directo na forma e prazos que sinale o Regulamento xeral de recadación

Disposición Final

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro do 2017, permanecendo vixente ata a súa expresa modificación ou derrogación".

A Pobra de San Xiao (Láncara), 21 de decembro de 2016.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López

R. 3894

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

O Pleno do Concello de Láncara en sesión extraordinaria realizada o 2/11/2016 acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal n.º 7 reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo de 05/11/2016 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algúns, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

"ORDENANZA FISCAL N.º 7 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DOMICILIARIA DE LIXO DO CONCELLO DE LÁNCARA.

Artigo 1. Natureza e fundamento.

No uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigos 81 e 296 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó prevido nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Artigo 2º.- Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixo domésticos e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

2. A tal efecto, considéranse residuos sólidos urbanos os definidos no artigo 4 da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.

3.- Quedan fóra do ámbito de aplicación da presente ordenanza os residuos que estean considerados, legal ou regulamentariamente, como tóxicos ou perigosos.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais sitos nos lugares, prazas, rúas ou vias públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou, incluso, de precario.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas, beneficiarios do servizo.

Responderán solidariamente das obrigas do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 42.1.a) e b) da Lei xeral tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala a Lei xeral tributaria

Artigo 4º.- Obriga de contribuir

A obriga de contribuir existe dende o momento en que se presta o servizo na zona na que se sitúa a vivenda ou establecemento, tanto urbano como rural. O servizo de recollida de lixo é de recepción e uso obrigatorio para ocupantes de vivendas ou locais sitos neste municipio.

Presúmese a utilización do servizo cando existe posibilidade de habitar a vivenda ou de usar o local por contar con calquera dos servizos de subministración de auga, enerxía eléctrica ou rede de sumidoiros.

Neste suposto, a taxa devéngase e nace a obriga de contribuir o primeiro día de cada trimestre natural, calquera que sexa o tempo de duración do aproveitamento dentro do exercicio.